



1994

# CONCERTO DE MÚSICA RELIXIOSA

**SÁBADO 26 DE MARZO  
8:30 DA TARDE  
IGREXA PARROQUIAL**

**BANDA  
MUNICIPAL DE  
RIBADEO**



**EXCMO.  
CONCELLO DE RIBADEO**

# Port-Bou-Saraxevo

«Só deberan cantar da morte  
quen cuxo canto  
é máis forte que a morte»  
Óscar Wilde

Tentarei explicar o binómio toponímico do título e talvez logre que ouvintes e leitores acaden comprender (e oxalá que apreixar) a obra através da asimilación da intención, do impulso ético e estético que me levou a escrebelas. Ao cabo, trascendería un meu sentimento: apaixóame a música de Stravinsky, e porque me apaixoa, precisamente, non acredito na sua tese sobre a incapacidade artística da música como vehículo de expresión espiritual, na miña convicción técnica de que coa música podemos ir alén do exclusivamente cerebral.

Walter Benjamin é, se cadra, a referencia cultural de maior densidade en min establecida. Do seu pensar, por quen asina torpemente lido, conclúese unha síntese de radicalidade conceitual e heterodoxa instrumentalidade. Todo o contrario dos parámetros que levan a dramas como o de Bósnia. O autor desa maravilla da concisión literaria, da micro-prosa como expresión final dun universo filosófico de imensa bagaxe que é *Einbahnstrasse* (*Dirrección única*) morreu en Port Bou, a pequeníssima localidade fronteiriza catalana, o 26 de Setembro de 1940. Fuxia da Xestapo. Esgotadas as forzas, Benjamininxeriu unha sobredose de píldoras de morfina. Europa caia nas gadoupas nazis. Ninguén sabe da tumba de Benjamin no cementerio de Port Bou.

O afeizado saberá de seguro como remataba o violoncelista Pau Casals os seus recitais no exilio: coa interpretación monódica, a só, da canción popular catalana *El cant dels ocells*. O home que cando, nun ensaio, foi informado do comezo en África da sublevación franquista reaccionou pedindo á orquestra que dirixia que atacase con maior énfase á *Oda á Liberdade* da Novena de Beethoven, convertiu o lamento dos *ocells*, co seu permanente xesto posterior, nun canto contra toda barbárie. Sobre o tema da canción, ou más concisamente, sobre o seu motivo celular, compuxemos unha marcha para banda sinfónica. Fúnebre. Coa desconocida e cultural Saraxevo no entrecello, nos miolos. Que diría, que escribería o profético Benjamin de coñecer a desfeita Bósnia? Susan Sontag, quen si estivo no Saraxevo bombardeado, ten escrito sobre Benjamin: «*Pensa en sí mesmo. No dia do xuicio final, o último dos intelectuais —ese héroi saturniano da cultura moderna, coas suas ruiñas, as suas visións agresivas, os seus ensoños, a sua irremediábel tristura e a sua ollada sempre cara abaixo— explicará que ten tomado diversas “posiciones” e que ten defendido a vida do espírito até o final, con todo o rigor e a inhumanidade que puido.*»

*Port-Bou-Saraxevo* estreouse (Viveiro, 12 de Marzo) encardinada nun programa (éste de agora en Ribadeo) non por substancialmente relixioso, confisional. Co «*Adagio* de Tomasso Albinoni, que outro celista, o bósnio Vedran Smailovic, toca por toda Europa para reclamar o fin da guerra balcánica; co *Stabat Mater* de Pergolesi, que os restos da Orquestra Sinfónica de Saraxevo tocaron nos restos da catedral da cidade na Noiteboa de 1992.

A Banda que estrea *Port Bou-Saraxevo*, a Municipal de Ribadeo, estiliza progresivamente os seus programas en concienciada consoáncia co mundo e coa cultura. Non hai nada de apocalíptico e menos de decadente en que na recurrente toponímia cheguemos, por Páscoa, á música fúnebre. Tocamos ao principio lixeiros paso-dobres (*Lugo-Ferrol, Ponteareas*); os pes de Ribadeo sentiron as vibracións ternárias dos valses de Viena; de *Port Bou* a *Saraxevo* cun canto, así e todo, de esperanza.

H.N.

# P R O G R A M

I


- |  |                     |
|--|---------------------|
| <i>Prelúdio coral</i> . . . . .                              | Willy Hautvast      |
| <i>Marcha fúnebre da</i>                                     |                     |
| <i>Sonata n.º 2, Op. 35, en Si bemol menor</i> . . . . .     | F. Chopin           |
| <i>Stabat Mater</i>  |                     |
| ( <i>Introducción e «Quando Corpus morietur»</i> ) . . . . . | J.B. Pergolesi      |
| Solistas: Rubén Solloso Irímia e                             |                     |
| Diego Riaño Méndez,  |                     |
| Fliscornos   |                     |
| <i>Adagio</i> . . . . .                                      | T. Albinoni         |
|  | (Arr.: W. Hautvast) |
| <i>Port-Bou-Sarajevo</i> . . . . .                           | Hernán Naval        |

III

- |   |                     |
|---|---------------------|
| <i>Panis angelicus</i>                        | C. Franck           |
| Cuarteto de Metais:                           |                     |
| Rubén Solloso, Fliscorno                      |                     |
| Víctor M. Sanjurjo Rio, Trompeta              |                     |
| Aurora Fernández Peña, Trombón                |                     |
| Beatrix Lombao Gómez, Bombardino              |                     |
| <i>Ave verum corpus</i>                       | W.A. Mozart         |
| <i>Música fúnebre masónica, KV 477</i>        | W.A. Mozart         |
| <i>Tres espiritoais negros</i>                | Arr.: Ted Huggens   |
| I. The crucifixion                            |                     |
| II. Steal away                                |                     |
| III. Sometimes I feel like a Motherless Child |                     |
| <i>Jesus Christ Superstar (Selección)</i>     | Lloyd Webber        |
|   | (Arr.: W. Hautvast) |

## Director

HERNÁN NAVAL



ASOCIACIÓN  
**AMADORES DA MÚSICA**  
ACADEMIA DE MÚSICA  
«CARLOS A. FDEZ.-CID»